



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VALDOVIÑO

Delegación áreas pola Alcaldía

ANUNCIO

Delegación de áreas dadas pola Alcaldía

De conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamiento e Rexime Xurídico das Entidades Locais, publícase a seguinte resolución desta Alcaldía nº 337/2023 de data 26 de xuño de 2023, do contido literal seguinte:

DECRETO DE ALCALDIA-PRESIDENCIA

Descrición decreto : Delegacións de áreas pola Alcaldía Presidencia

Resultando que o pasado día 17 de xuño de 2023 tivo lugar a constitución do Concello de Valdoviño, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o vinte e oito de maio/2023 e resultando proclamado Alcalde o que suscribe,

De conformidade co preceptuado nos artigos 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 43 e 44 e 114 e 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal,

En uso das atribucións que me están conferidas polos preceptos legais citados, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Outorgar as delegacións especiais que se sinalan a favor dos concelleiros seguintes:

- Planificación Territorial, deportes e Xestión Administrativa.- Don SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ.
- Cultura, Educación, Xuventude, Servizos Sociais, Sanidade e Turismo.- Dona ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ e Dona TAMARA SABIN CAAMAÑO.
- Obras e equipamentos.- ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA.
- Servizos.- DON BENITO VEGA FERNÁNDEZ.
- Infraestruturas viarias.- DON GERMAN GÓMEZ SENRA

A ALCALDÍA ocuparase de forma unitaria do desenvolvemento territorial e económico.

Por imperativo legal a delegación especial comprende a dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delegan, pero sen capacidade resolutoria mediante actos administrativos que afecten a terceiros; o ámbito de actuación dos asuntos a que se refiren as delegacións será o correspondente a todo o término municipal.

SEGUNDO.- O presente Decreto de delegación da atribucións surtirá efecto dende o día seguinte á presente resolución.

TERCEIRO.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre notificándose aos designados e publicarse no Boletín oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa sinatura así coma na web municipal ao abeiro da lei 19/13 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

CUARTO.- Quedan derogados cantos decretos anteriores teña ditados esta Alcaldía en materia de delegación de competencias e sinatura”.

O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

En Valdoviño a 28 de xuño de 2023

O Alcalde,

Alberto González Fernández